

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Aprobación das Bases que rexerán o XXII Certame Literario “Bergondo nun Conto” e o XV Concurso de Marca-Páxinas

Asunto: XXII CERTAME LITERARIO “BERGONDO NUN CONTO” E O XV CONCURSO DE MARCA-PÁXINAS

ANUNCIO

Por esta alcaldía emitíuse a resolución de alcaldía 367/2021, de data 6 de abril, que transcrita literalmente di:

“APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O XXII CERTAME LITERARIO “BERGONDO NUN CONTO” E O XV CONCURSO DE MARCA-PÁXINAS

Visto o informe- proposta da concelleira delegada de Cultura, Ensino e Deporte do Concello de Bergondo (A Coruña), Patricia Vázquez Figueroa, con data 5 de abril de 2021, onde constan as bases do XV Concurso de marca-páxinas e do XXII Certame Literario “Bergondo nun conto”, correspondentes á XXII Semana das Letras Galegas, e segundo o establecido no artigo 21.1 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: convocar o XV Concurso de marca-páxinas e o XXII Certame Literario “Bergondo nun conto”. Neste concurso entregarase un agasallo por participante e un premio por modalidade. Se unha mesma persoa participa no certame e no concurso só se lle entregará un agasallo.

Segundo: aprobar as bases que rexerán este concurso e certame, propostas pola concelleira delegada de Cultura, Ensino e Desenvolvemento Económico do Concello de Bergondo, Patricia Vázquez Figueroa, con data 5 de abril, que se transcriben a continuación:

XXII CERTAME LITERARIO “BERGONDO NUN CONTO”

1. Hai tres categorías:
 - 1.a. Educación Infantil e 1º ciclo de Primaria.
 - 1.b. 2º e 3º ciclo de Primaria.
 - 1.c. Secundaria e adultos.
2. Versará sobre a seguinte temática: “A Muller na literatura galega”
3. Os traballos presentaranse en formato DIN A4, formato narrativo ou poesía, a man ou mecanografados.

XV CONCURSO DE MARCA-PÁXINAS

1. Hai catro categorías:
 - 1.a. Educación Infantil.
 - 1.b. Educación Primaria (1º, 2º e 3º).
 - 1.c. Educación Primaria (4º, 5º e 6º).
 - 1.d. Educación Secundaria e adultos.
2. Deberá gardar relación co Día das Letras Galegas ou ca autora homenaxeada: Xela Arias.
3. O marca-páxinas pode presentarse en diferentes formatos.
 - 3.a. Altura: mín. 10 cm./ máx. 20 cm.
 - 3.b. Anchura: mín. 4,5 cm./máx. 8 cm.
 - 3.c. Marxe mínimo en todo o marca-páxinas de 0,5 cm.
4. Pódense realizar a man ou ordenador, preferiblemente en cartolina.

BASES COMÚNS DO CONCURSOS

1. A participación supón a total aceptación das bases.
2. Presentaranse con todos os datos na parte posterior: categoría, nome, enderezo e teléfono.
3. Poderá participar calquera persoa maior de 3 anos empadroada no concello de Bergondo ou que curse os seus estudos no C.R.A de Bergondo, no C.PI Cruz de Sar, no CPAP de Bergondo ou no CFEA de Guísamo.
4. Os traballos deben estar escritos en lingua galega e deberán ser orixinais, inéditos e non premiados.
5. A entrega realizarase na Casa de Cultura ou na Senra, sendo a data límite de entrega o luns 3 de maio de 2021.
6. Todos os traballos dos concursos poderán expoñerse no edificio cultural A Senra durante o mes de maio, coincidindo coa festividade das Letras Galegas.
7. Despois da entrega de premios todos os contos encadernaranse e estarán na aula de lectura da Senra a disposición de todos/as os/as usuarios/as.
8. O xurado estará formado por 3 empregados públicos designados polo concello.
9. O fallo: a deliberación do xurado será en segredo, e delas extenderase a acta correspondente. O xurado emitirá os fallos nun máximo de cinco días hábiles a partir da data límite de entrega dos traballos.
10. O xurado poderá declarar deserto calquera deles no caso de considerar insuficiente a calidade dos traballos presentados.
11. Os/as gañadores/as de cada categoría recibirán un bono por importe de 80€ para empregar en calquera dos establecementos participantes na campaña “En Bergondo, mellor”.
12. Todos/as os/as participantes recibirán un agasallo.
13. A organización resérvase o dereito a publicar os traballos premiados. Neste senso os/as autores/as renuncian a calquera tipo de remuneración económica.
14. O xurado está facultado para tomar a decisión que considere oportuna ante a aparición dalgún imprevisto non recollido expresamente nestas bases, a participación conleva a aceptación de todas elas.”

En Bergondo, 6 de abril de 2021

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

2021/2752